

XVII CARREIRA POPULAR DO CONCELLO DE ORDES

O **Concello de Ordes** celebra a XVII edición da súa Carreira Popular o domingo 3 de xuño de 2012 na localidade de Ordes baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago) e de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control técnico das probas estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORÍAS E DISTANCIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIAS
BABY*	2007 e posteriores	500 metros
PREBENXAMÍN*	2006-2005	500 metros
BENXAMÍN	2004-2003	1000 metros
ALEVÍN	2002-2001	1000 metros
INFANTIL	2000-1999	3000 metros
CADETE	1998-1997	3000 metros
XUVENIL	1996-1995	9500 metros
JUNIOR-PROMESA-SENIOR	1994 ata veteranos	9500 metros
VETERANOS/AS A	nados/as entre 1977 e 1967	9500 metros
VETERANOS/AS B	nados/as entre 1966 e 1957	9500 metros
VETERANOS/AS C	nados en 1956 e anteriores	9500 metros

*As categorías **BABY** e **PREBENXAMÍN** non son categorías federadas.

3. HORARIO DAS PROBAS

Todos os participantes deberán colocarse na liña de SAÍDA **5 minutos** antes do inicio de cada proba, sita a mesma enfronte da Casa Consistorial.

HORA	CATEGORÍA
10:00 h	Infantil e cadete (3000 metros)
10:30 h	Baby e Prebenxamín (500 metros)
10:50 h	Xuvenil-Junior-Promesa, Senior e Veteranos (9500 metros)
11:00 h	Benxamín e Alevín (1000 metros)

4. Para o control da carreira absoluta (de xuvenil en diante) todos os participantes deberán levar un **CHIP** que lles será entregado xunto co seu dorsal (excepto propietarios de Chip amarelo) e que deberán atar de xeito correcto na súa zapatilla conservandoo ata o remate da proba onde efectuarán a súa devolución.

5. INSCRICIÓN:

- **CARREIRAS ESCOLARES** (de Baby a cadetes): faranse a través do correo electrónico inscripcionesFGAsantiago@gmail.com facendo constar os seguintes datos: **nome e apelidos, data de nacemento, localidade de procedencia, clube e nº de licencia federativa ou seguro escolar** (se a/o ten).
- **CARREIRA ABSOLUTA** (de xuvenil en diante), poderán facelo visitando a páxina web www.championchipnorte.com onde se lle indicarán os pasos que deberán efectuar para formalizar a inscrición*.

PREZO DE INSCRICIÓN:

- **CATEGORÍAS ESCOLARES:** GRATUITA
- **PROPIETARIOS CHIP AMARELO CHAMPIONCHIP:** 3,00 €
- **CORREDORES SEN CHIP AMARELO CHAMPIONCHIP:** 4,00 €

*Os equipos, clubes, centros... que desexen obter os premios en metálico deberán formalizar a inscrición individual en ChampionChip de cada compoñente, e ademais remitir un correo electrónico á dirección inscripcionesFGAsantiago@gmail.com no cal se reflexará a composición de atletas do clube cos seus datos persoais (**nome e apelidos, data de nacemento, localidade de procedencia, clube e nº de licencia federativa** (se a ten).

Para máis información, poderán utilizar os teléfonos **981 680002** e **981 680157**.

O prazo de inscrición rematará o **mércores 30 de maio de 2012 ás 22:00 horas.** **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.** Os dorsais e os CHIPS recolleranse na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** sita na Casa do Concello (a carón da SAIDA) ata **MEDIA HORA** antes do inicio da proba correspondente.

6. O longo do percorrido a organización ubicará controis nos cales poderase descalificar a calquera atleta que incumpla a normativa da competición (sairse do percorrido, sacar o dorsal, empurrar ou obstaculizar a outros atletas...). O percorrido da proba absoluta estará sinalado cada kilómetro.
7. Todo atleta que chega a liña de meta sen o seu dorsal será automaticamente descalificado.

8. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados de cada categoría (en mulleres e homes), así como trofeo para as 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira **XUVENIL-JUNIOR-PROMESA, SENIOR e VETERANAS/OS.**

Tamén outorgarase trofeo ós 3 primeiros clasificados do Concello (deberán estar censados) na proba absoluta (en mulleres e homes), ó participante máis xoven e o máis veterano que logre concluíla proba (da súa categoría, claro).

Os trofeos non serán acumulativos.

PREMIOS EN METÁLICO

CARREIRA ABSOLUTA (XUVENIL-JUNIOR-PROMESA, SENIOR e VETERANOS/AS)

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a:	150 €	
2º Clasificado/a:	80 €	(Iguais para mulleres e homes)
3º Clasificado/a:	50 €	

PREMIOS POR CLUBES FEDERADOS*

CARREIRA ABSOLUTA (XUVENIL-JUNIOR-PROMESA, SENIOR e VETERANOS/AS)

1º Equipo Clasificado:	150 €
2º Equipo Clasificado:	100 €
3º Equipo Clasificado:	50 €

**A clasificación por clubs federados será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta. Para puntuar nesta clasificación é necesario*

realizar a inscrición como clube* (inscribindo os corredores individualmente en ChampionChip e remitindo un correo electrónico a dirección inscripcionesFGAsantiago@gmail.com cos datos do clube e dos seus compoñentes), e que alo menos **6** corredores do mesmo logren concluíla carreira. A confección dos equipos poderá ser mixta, masculina ou feminina, pero todos puntuarán nunha soa clasificación. **NINGÚN CLUBE FEDERADO ENTRARÁ NESTES PREMIOS SENÓN SEGUE OS PASOS MARCADOS PARA A INSCRICIÓN POR CLUBE INDICADA NO PUNTO 5 DESTE REGULAMENTO.**

PREMIOS POR GRUPOS DO MUNICIPIO*

CARREIRA ABSOLUTA (XUVENIL-JUNIOR-PROMESA, SENIOR e VETERANA/O).

1º Grupo Clasificado: 150 €

2º Grupo Clasificado: 100 €

3º Grupo Clasificado: 50 €

Na clasificación por grupos do municipio poderán entrar todas as asociacións, clubes, equipos, centros,... do municipio de Ordes. A clasificación será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta. Para puntuar nesta clasificación é necesario realizar a inscrición como grupo municipal (**VER PUNTO 5 DO REGULAMENTO**) e que alo menos **6** corredores do mesmo logren concluíla carreira. A confección dos grupos poderá ser mixta, masculina ou feminina, pero todos puntuarán nunha soa clasificación.

* Non se pode duplicar a inscrición, é dicir, os corredores so poderán estar anotados ou a través dunha asociación, clube ou dun centro educativo, non poderá figurar en dúas entidades.

PREMIOS ESPECIAIS*

CARREIRAS ESCOLARES

Outorgarase un premio especial de **150 €** ó Centro Educativo que aporte maior número de participantes. Para elo deberán formalizar a inscrición como tal remitindo un correo electrónico á dirección inscripcionesFGAsantiago@gmail.com no cal se reflexe o nome do Centro Educativo e os datos dos seus deportistas (nome e apelidos, data de nacemento e nº de seguro escolar (se o/a ten)).

Os premios en metálico serán aboados unha vez concluídas as probas. Para elo tódolos atletas gañadores de premios en metálico deberán acreditar a súa identidade coa presentación do DNI, carnet de conducir ou pasaporte.

9. Segundo o **ARTIGO 3.4. DO REGULAMENTO** das competicións autonómicas de Ruta, Pista ou Campo a Través da **REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO**: *“Por norma general en estas competiciones no podrán participar atletas extranjeros que no tengan licencia por la Federación Autonómica donde se celebre la competición salvo si se cumple alguno de los siguientes supuestos:*

- ***“En Autonomías con frontera terrestre con Portugal o Francia se permitirá la participación de atletas del país vecino siempre y cuando estos atletas no hayan sido internacionales por su país en los últimos 5 años y en una prueba similar”.***
- ***“Atletas residentes en la Comunidad Autónoma. Se deberá justificar con permiso de residencia o trabajo”.***

En todos os casos o organizador poderá requirir a documentación necesaria e reterá o premio mentres non sexa presentada.

10. Habera servizo de duchas na piscina municipal a disposición de tódolos atletas ó finalizar as probas. Tódolos atletas que logren concluir a proba recibirán habitualmente líquido e unha camiseta conmemorativa do evento.

11. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

12. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor.

Máis información nas páxinas web:

- www.concellodeordes.com
- www.atletismogalego.org
- www.fgatletismo.es/santiago
- www.championchipnorte.com